



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

Anuncio

Resolución do 26 de maio de 2014 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Sarria. (Nº expte:IN407A 2014/9-2-8146-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución SA
- Domicilio Social: A Batundeira, 2, 32960 Velle, Ourense
- Denominación: recuamento provisional na r/ Peregrino
- Situación: concello de Sarria

- Características Técnicas:

- LMTA illada trenzada con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado nun apoio proxectado tipo FL-CH-11P/2500 e final nun paso aéreo a soterrado ubicado nun apoio proxectado tipo FL-HVH-12/2500, cunha lonxitude de 49 metros en condutor tipo RS 12/20 3x150 mm².
- LMTS en r/ Peregrino, con orixe na LMTS a CT Peregrino, 31 (27CS61) e final na LMTS a CT Benigno Quiroga, 23 (27SQ10), cunha lonxitude de 57 metros en condutor RHZ1 12/20 KV 3x240 mm².

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Xefatura Territorial **resolve**:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 26 de maio de 2014.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 2235

CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DA PISCINA AO AIRE LIBRE DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Aprobado inicialmente a "Regulamento de uso e funcionamento da piscina ao aire libre do Concello de Guitiriz" por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 29/05/2014, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1.985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na secretaría deste concello e formular as alegacións ou suxestións que consideren

convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, o regulamento considerárase aprobado definitivamente.

Guitiriz, 4 de xuño de 2014.- O ALCALDE, Xosé M^a Teixido Núñez.

R. 2269

LUGO

Anuncio

Expediente de infracción urbanística nº 66/2011 incoado a dona María Jesús Díaz Penoucos.

Ante a imposibilidade de notificar a interesada no último domicilio coñecido na ronda das Fontiñas, nº 294 - 6º D, de conformidade co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **faise pública a notificación das seguintes resolucións**; significando que, dado que neste expediente existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación límitase a unha breve indicación do acto, emprazando os interesados no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido integro dos actos notificados no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992, de xeito que os prazos que se indican nos parágrafos seguintes, comezarán a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia que se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo:

1.- Decreto número 14004006 do 25/04/2014, no que se resolveu archivar o procedemento de restauración da legalidade incoado pola realización de obras sen licenza municipal; na rúa Montirón, 40 baixo; o cal pon fin á vía administrativa e contra o que poden interpoñer os seguintes recursos

- Recurso de Reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (Disposición transitoria segunda, en relación cos artigos 107, 116 e 117 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación da resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta .

- Recurso Contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

- Calquera outro recurso que estime conveniente ó seu dereito.

2.- Providencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente ditada o día 16/05/2014, pola que se dispón a iniciación do correspondente procedemento sancionador pola execución de obras sen licenza, e se concede a interesada un prazo de **quinze días** para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estime convenientes e, no seu caso, propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse. Mesmo poden recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8 do Regulamento do Procedemento Sancionador.

Significando que esta resolución non pon fin á vía administrativa, e por tratarse dun acto de mero trámite, contra ela non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime procedente.

Lugo, 4 de xuño de 2014.- O ALCALDE, P.D.: O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, (DECRETO NÚMERO 13008312 DO 30/08/2013), Luis Manuel Álvarez Martínez.

R. 2270

*Anuncio***Expediente de infracción urbanística número 69/2014 incoado a don Pablo Ramón Prieto Méndez.**

Faise pública a notificación da orde de paralización das obras de demolición dun tabique no inmovible sito na rúa Concepción Arenal, nº 37, baixo, que se realizan sen licenza municipal como consecuencia de que, intentada a notificación a don Pablo Ramón Prieto Méndez, no último domicilio coñecido na Avenida de Lugo, nº 15-3º G de Pontevedra, non se puido practicar; de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 12, do 14/01/99).

Posto que, a xuízo do órgano que subscribe, nestes expedientes existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación límitase a unha breve indicación do acto, emprazando ós interesados no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido integro do acto notificado no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992. Significando que os prazos que se indican nos parágrafos seguintes, comezarán a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo.

Significando que contra este acordo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (Disposición transitoria segunda, en relación cos artigos 107, 116 e 117 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de DOUS MESES dende a data da desestimación da resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta
- Recurso Contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).
- Calquera outro recurso que estime conveniente ó seu dereito.

Lugo, 3 de xuño de 2014.- O ALCALDE, P.D.: O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, (DECRETO NÚMERO 13008312 DO 30/08/2013), Luis Manuel Álvarez Martínez.

R. 2271

Anuncio

Don Javier Castro Vázquez, con data 11 de abril de 2014, presentou comunicación previa ó inicio de actividades ou apertura de establecementos para comercio polo miúdo de mobles na avda. da Coruña núm. 411, baixo, á cal non se xunta a documentación mínima esixida pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en vigor na data de presentación.

A omisión de calquera dato, manifestación ou documento esixido comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

De conformidade co establecido no artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ponse no seu coñecemento en trámite de audiencia por prazo de quince días, a efectos de que proceda á presentación das alegacións e documentos que considere oportunos previos á declaración de ineficacia da comunicación efectuada, ante a falta de presentación da documentación mínima esixida de conformidade co establecido na Lei 9/2013.

Ó terse enviadas reiteradas notificacións ó enderezo aportado a tales efectos, non podéndose levar a cabo a notificación, e ós efectos sinalados no art. 59-5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, procédese a publicar o presente edicto,

facendo constar que o expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, no Servizo de Licenzas deste Concello, onde se atopa de manifesto.

Lugo, 3 de xuño de 2014.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, Luis Manuel Álvarez Martínez.

R. 2272

MONTERROSO

Anuncio

Concurso para a selección de persoal laboral para ocupar, con carácter laboral temporal, de 4 prazas de coidador de Vivenda comunitaria da terceira idade e formación de bolsa de emprego.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 6 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria

Sistema de selección: Concurso, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello e na web www.monterroso.es, e realización dunha entrevista curricular.

Monterroso, 3 de xuño de 2014.- O alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas.

R. 2273

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE UN SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

POSTO DE TRABALLO: Un Socorrista para as piscinas municipais.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de **5 días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

REQUISITOS DE TITULACIÓN:

a) Ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección correspondente a socorristas en instalacións acuáticas e presentada declaración responsable do cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade de socorrismo, que deberá acreditarse mediante copia do documento da solicitude presentada dirixida á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública e copia do documento da declaración presentada.

b) Estar en posesión (ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título de socorrista acuático.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso- Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

En Pedrafita do Cebreiro, a 12 de xuño de 2014.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2361

QUIROGA

Anuncio

Rendida a Conta Xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2013, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican e o informe da mencionada comisión, na Secretaría do Concello, durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que, durante dito prazo de exposición e os oito días seguintes, os interesados poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Quiroga, 3 de xuño de 2014.- O CONCELLEIRO DELEGADO, José Ángel Rodríguez Raposo.

R. 2257

RIBADEO

Anuncio

Faise público que, por Resolución da Alcaldía -Presidencia de data 22 de marzo de 2014, se acordou inicia-lo expediente para a **declaración de baixa de oficio no Padrón Municipal de habitantes** da persoa que se indica, por non residir no domicilio no que figura inscrita:

Khalid Aoulad Malek, tarxeta de residencia Y1346224W e pasaporte FV2983623.

Último domicilio coñecido en Ribadeo: Avda. de Galicia, nº 41, 3º A.

O que se comunica a través deste anuncio, de conformidade coas previsións da instrución 1-c.2 da Resolución de 9 de abril de 1997 (B.O.E. 11.04.1997) sobre xestión e revisión do Padrón Municipal de Habitantes, por se descoñece-lo seu domicilio actual, outorgándose prazo de quince días para alegacións e presentación, se é o caso, de documentos ou xustificantes en defensa dos seus dereitos.

Ribadeo, 30 de maio de 2014.- O Alcalde, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2258

Anuncio

Faise público que, por Resolución da Alcaldía -Presidencia de data 24 de marzo de 2014, se acordou inicia-lo expediente para a **declaración de baixa de oficio no Padrón Municipal de habitantes** da persoa que se indica, por non residir no domicilio no que figura inscrita:

Verónica Guizán Oural, DNI 33324033T

Último domicilio coñecido en Ribadeo: rúa Buenos Aires, nº 12, baixo.

O que se comunica a través deste anuncio, de conformidade coas previsións da instrución 1-c.2 da Resolución de 9 de abril de 1997 (B.O.E. 11.04.1997) sobre xestión e revisión do Padrón Municipal de Habitantes, por se descoñece-lo seu domicilio actual, outorgándose prazo de quince días para alegacións e presentación, se é o caso, de documentos ou xustificantes en defensa dos seus dereitos.

Ribadeo, 30 de maio de 2014.- O Alcalde, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2259

SARRIA

Anuncio

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos de crédito extraordinario 1/2014 e de suplemento de crédito 1/2014 do Concello de Sarria na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 30 de maio de 2014, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, os expedientes expóñense ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste

anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalos e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Sarria, 30 de maio de 2014.- O Alcalde -Presidente, José Antonio García López.

R. 2260

Anuncio

Finalizado o prazo de exposición ao público da aprobación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Sarria, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación reunido en sesión ordinaria o día 28 de marzo de 2014, sen que se presentaran reclamacións, en cumprimento do disposto artigo 49 da Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local, dito acordo faise público para xeral coñecemento.

O texto íntegro do acordo é o seguinte:

1º.- Prestar aprobación inicial ó novo texto da Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar, do seguinte tenor literal:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SARRIA

Artigo 1º.- OBXECTO

É obxecto da presente ordenanza , de conformidade co establecido no artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 2.1.b e 20.1.b do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a ordenación do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no Concello de SARRIA.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase nos termos fixados no regulamento aprobado.

Artigo 2º.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O financiamento do servizo de axuda no fogar realizarase con cargo ás achegas do Concello, subvencións doutras administracións públicas e ao prezo público que corresponde satisfacer polas persoas usuarias.

Artigo 3º.- CÁLCULO DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO

a) Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013 , do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

b) Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

- 1 . Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte ás regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 4º .- CONTÍA DO PREZO PÚBLICO

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas nos seguintes apartados:

a) Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Programa Individual de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo. Para o caso de que se presten máis horas das recollidas na presente táboa estarase ao que dispoñan en cada momento as normas de aplicación á materia.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar , prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias , aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

b)- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 3º b desta ordenanza.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM	10 %
Maior de 1 e menor ou igual a 1,20 IPREM	12 %
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	20 %

Maior de 1,80 e menor ou igual a 2 IPREM	30 %
Maior de 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	40 %
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

O custo por hora do servizo, que ven determinado polos gastos derivados da contratación de persoal necesario para a súa prestación, fíxase na cantidade de 12,00 euros/hora.

Artigo 5º.- OBRIGA DE PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias da prestación do servizo de axuda no fogar, prestado por este concello.

A obriga de pagar os presos públicos regulados nesta ordenanza nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os presos públicos contempladas nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 6º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

As infraccións e sancións rexeranse , no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo , polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de SARRIA, publicada no BOP de Lugo, nº 181, de 8 de agosto de 2013.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar entrará en vigor conforme ao previsto no artigo 70.2 e concordantes, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local."

Segundo.- Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente, polo prazo de trinta días hábiles, para presentación de reclamacións e suxerencias .

Terceiro.- De non formularse reclamacións ou suxerencias en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, entrando en vigor logo da publicación íntegra no Boletín oficial da provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Sarria, 30 de maio de 2014.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Antonio García López.

R. 2261

Anuncio

Habendo quedado elevado a definitivo, ó non haber sido obxecto de suxerencias nin reclamacións, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28 de marzo de 2014, polo que se prestou aprobación inicial ó novo Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, publícase o citado acordo que contén o texto do regulamento aprobado.

Contra o referido acordo pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ó da presente publicación.

“9.- REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

De orde do Sr. Presidente, pola Secretaria dáse conta ó Pleno da Corporación da nova redacción do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar.

Aberta a deliberación, non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria, co voto a favor do grupo municipal do Partido Popular (8 votos), e a abstención dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Independentes de Galicia, Mixto-BNG e do concelleiro no adscrito Sr. Fortes Torres (8 abstencións), adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación a nova redacción do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, do seguinte tenor literal:

**“REGULAMENTO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
CONCELLO DE SARRIA
ÍNDICE**

FUNDAMENTACIÓN**CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

Artigo 1º	Obxecto
Artigo 2º	Ámbito de aplicación
Artigo 3º	Definición do servizo de axuda no fogar
Artigo 4º	Obxectivos do servizo de axuda no fogar
Artigo 5º	Contido do servizo de axuda no fogar
Artigo 6º	Actuacións excluídas
Artigo 7º	Persoas destinatarias
Artigo 8º	Dereitos das persoas usuarias
Artigo 9º	Deberes das persoas usuarias
Artigo 10º	Causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar
Artigo 11º	Causas de extinción e modificación do servizo de axuda no fogar

CAPÍTULO II DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**SECCIÓN 1ª DISPOSICIÓN COMÚNS**

Artigo 12º	Formas de prestación do servizo de axuda no fogar
Artigo 13º	Requisitos específicos

SECCIÓN 2ª DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE SARRIA

Artigo 14º	Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento
Artigo 15º	Sobre o trámite de urxencia
Artigo 16º	Desenvolvemento da prestación do servizo de axuda no fogar
Artigo 17º	Intensidade da prestación do servizo de axuda no fogar
Artigo 18º	Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia
Artigo 19º	Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento
Artigo 20º	Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar
Artigo 21º	Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento
Artigo 22º	Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos
Artigo 23º	Coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiadas total ou parcialmente con fondos públicos
Artigo 24º	Obrigados ao pagamento
Artigo 25º	Nacemento da obriga de pago
Artigo 26º	Infraccións e sancións

DISPOSICIÓN ADICIONAL**DISPOSICIÓN DERROGATORIA****DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

FUNDAMENTACIÓN

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e iguaisdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios a xestión do servizo de axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira, que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar coa fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de SARRIA, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través do presente regulamento.

CAPÍTULO I- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º- OBXECTO

O presente regulamento ten como obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ao mesmo, no municipio de SARRIA.

Artigo 2º- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O SAF desenvolverase no termo municipal de SARRIA, dentro do ámbito das competencias municipais en materia de servizos sociais, sendo a súa sede oficial as dependencias da "Casa do Concello" destinadas aos servizos sociais.

O horario de atención ao público na dita dependencia municipal será de 9.00h. a 15:00, en días laborais de luns a venres.

Artigo 3º- DEFINIÇÃO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

O SAF poderá incluír intervencións de carácter persoal, doméstico, socio -educativo e preventivo, que deberán ser conformes coa valoración técnica realizada polos servizos sociais.

Os cuidados e atencións a prestar no fogar das persoas e unidades de convivencia serán realizados por persoal cualificado e con supervisión técnica por parte dos servizos sociais comunitarios. No caso de que o servizo se preste por unha entidade externa , será esta quen realice a supervisión . Neste caso os servizos sociais comunitarios realizarán unha supervisión da labor desenvolvida pola entidade xestora .

Artigo 4º- OBXECTIVOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 5º- CONTIDO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1.- De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no cuidado e hixiene persoal e así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio -temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e cuidado das prendas de vestir, así como do enxoval doméstico
- Cuidados básicos da vivenda.
- Apoio á unidade familiar.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico- profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Con carácter complementario, o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para prever,

compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

4.- En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Artigo 6º- ACTUACIÓNS EXCLUÍDAS

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

- Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 7º- PERSOAS DESTINATARIAS

1.- O SAF estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a prestación do servizo.

Artigo 8º-DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lles recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratados co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao respecto a súa intimidade e á absoluta confidencialidade dos seus datos, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.
6. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.
8. A recibiren unha atención individualizada e adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
9. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
10. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema, e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 9º- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- b) Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- c) Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
- d) Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- e) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- f) Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- g) Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- h) A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 10º- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- a) Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Artigo 11º- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

CAPÍTULO II **DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

SECCIÓN 1ª **DISPOSICIÓN COMÚN**

Artigo 12º- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF prestarase polo Concello de SARRIA ou por entidades privadas debidamente autorizadas ou, de ser o caso, acreditadas mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público.

Artigo 13º- REQUISITOS ESPECÍFICOS

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos, aplicárase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de SARRIA, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo V deste regulamento.

c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de SARRIA e a persoa usuaria, segundo o Anexo VI deste regulamento.

d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCION 2ª DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE SARRIA

Artigo 14º- MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de SARRIA cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na LEI 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

a) Presentación da solicitude no Rexistro Municipal do Concello, segundo o anexo I deste regulamento, dirixida á Alcaldía e acompañada da seguinte documentación:

- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- III. Certificado de convivencia.
- IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.
- V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan.
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirido polo/a traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite, tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b) As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico (anexo IV), a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo III.

c) O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

d) Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, o órgano competente resolverá o expediente, á vista do informe -proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia.

e) Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, coa fin de comprobar que cumpren as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Artigo 15º- SOBRE O TRÁMITE DE URXENCIA

Mediante Resolución do órgano competente poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

A súa xustificación estará motivada por:

- Presentarse a necesidade de forma imprevista.
- Situacións de alto risco.
- Enfermidade grave (se o beneficiario non ten familiares).
- O falecemento do cónxuxe ou doutra persoa que se estea facendo cargo do beneficiario.
- Outras causas semellantes.

O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Artigo 16º- DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que á persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte do órgano competente, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo VI deste regulamento.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo V deste regulamento, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia do regulamento municipal do servizo de axuda no fogar, debidamente visado polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do

caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo V deste regulamento.
- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de SARRIA e a persoa usuaria, segundo o anexo VI deste regulamento.
- Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 17º- INTENSIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O SAF prestarase no domicilio particular da persoa beneficiaria dentro do termo municipal de SARRIA.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo 14º 2.b) deste regulamento.

2. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4º. 1.a) da Orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais comunitarios.

Artigo 18º- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA

A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 19º- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte ás regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 20º- PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Programa Individual de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo. Para o caso de que se presten máis horas das recollidas na presente táboa estarase ao que dispoñan en cada momento as normas de aplicación á materia.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa,

na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 21º- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 19º deste regulamento.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1 IPREM	10 %
Maior de 1 e menor ou igual a 1,20 IPREM	12 %
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	15 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	20 %
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2 IPREM	30 %
Maior de 2 e menor ou igual a 2,20 IPREM	40 %
Maior de 2,20 e menor ou igual a 2,50 IPREM	50 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 22º- AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de SARRIA, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 23º- COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADAS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello.

Artigo 24º- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado neste regulamento as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar, prestado por este concello.

Artigo 25º- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste regulamento , nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados neste regulamento satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado , conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 26º- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro , xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo , polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación , e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase ao órgano competente do concello , previo informe dos servizos sociais municipais para resolver aquelas cuestións que relacionadas co SAF poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente no presente regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Este regulamento derroga expresamente o regulamento do servizo de axuda no fogar publicado no BOP de Lugo, nº 181 de 8 de agosto de 2013 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicado no BOP de Lugo, entrará en vigor conforme ao previsto no artigo 70.2 e concordantes, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local."

Segundo.- Someter a información pública e audiencia dos interesados o expediente, polo prazo de trinta días hábiles, para presentación de reclamacións e suxerencias , publicando a tales efectos anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello

Terceiro.- De non formularse reclamacións ou suxerencias en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, entrando en vigor logo da publicación íntegra no Boletín oficial da provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local."

Sarria, 30 de maio de 2014.- O Alcalde, José Antonio García López.

VILALBA

Anuncio

Por el Pleno del 30/04/2014, se aprobó inicialmente el Presupuesto General junto con sus anexos y bases de ejecución . En cumplimiento del art.169.3 del R.D.Leg 2/2004 se procede a la publicación de dicho Presupuesto General resumido por capítulos, así como su plantilla, contra el que se podrá interponer recurso de reposición.

PRESUPUESTO GENERAL OAAA MUSEO DE PREHISTORIA DE VILALBA 2014			
ESTADO DE GASTOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	60.000,00 €	89,96
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	6.700,00 €	10,04
3	GASTOS FINANCIEROS		
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES		
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	66.700,00 €	100,00
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES		0
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		0
8	ACTIVOS FINANCIEROS		0
9	PASIVOS FINANCIEROS		0
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	0,00 €	0
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	66.700,00 €	100
ESTADO DE INGRESOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIONES CORRIENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS		
2	IMPUESTOS INDIRECTOS		
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	4.000,00 €	6,00
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	62.700,00 €	94,00
5	INGRESOS PATRIMONIALES		
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	66.700,00 €	100,00

PRESUPUESTO GENERAL AYUNTAMIENTO DE VILALBA 2014			
ESTADO DE GASTOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	2.494.098,09 €	24,997
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	5.811.139,08 €	58,242
3	GASTOS FINANCIEROS	177.265,22 €	1,770
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	311.174,00 €	3,119
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	8.793.676,39 €	88,128
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES	538.165,43 €	0,000
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,000

8	ACTIVOS FINANCIEROS		0,00 €	0,000
9	PASIVOS FINANCIEROS		645.658,18 €	0,000
		TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	1.183.823,61 €	0,000
		TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	9.977.500,00 €	100,000
ESTADO DE INGRESOS				
CA P	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN		(%)
	A.- OPERACIONES CORRIENTES			
1	IMPUESTOS DIRECTOS	2.940.000,00 €		29,466
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	20.000,00 €		0,200
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.056.581,80 €		20,612
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	4.657.360,51 €		46,679
5	INGRESOS PATRIMONIALES	9.800,00 €		0,098
		TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	9.683.742,31 €	97,056
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES		0,00 €	0,000
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		293.757,69 €	2,944
8	ACTIVOS FINANCIEROS		0,00 €	0,000
9	PASIVOS FINANCIEROS		0,00 €	0,000
		TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	293.757,69 €	2,944
		TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	9.977.500,00 €	100,000

**CONCELLO DE VILALBA
PLANTILLA PERSONAL LABORAL FIJO AÑO 2014**

DENOMINACION PLAZA	GR.	SIT.	C.ESP	CD
ADMINISTRATIVO INFORMATICO	C1	P	6.666,38 €	22
CONSERJE	E	P	7.183,82 €	14
MECANICO CONDUCTOR	C2	P	10.244,64 €	18
MECANICO CONDUCTOR	C2	P	10.244,64 €	18
PSICOLOGA	A1	V	8.379,84 €	26
EDUCADORA FAMILIAR	A2	V	8.379,84 €	26
TRABAJADORA SOCIAL	A2	P	8.379,84 €	26
TRABAJADOR SOCIAL	A2	P	8.379,84 €	26
T. CENTRO INFORMACION A LA MUJER	A1	V	8.379,84 €	26
TCO. PROMOCIÓN DE EMPLEO	A2	V	8.379,84 €	26
JARDINERO	C2	P	6.029,80 €	18
ELECTRICISTA	C2	P	6.029,80 €	18
AYUDANTE ELECTRICISTA	E	P	6.344,66 €	14
ENCARGADO PUNTO LIMPIO	E	P	6.029,80 €	14
ENCARGADO MERCADOS	E	P	6.029,80 €	14
ENCARGADO AREA REC. "A MAGDALENA"	E	V	6.029,80 €	14
PALISTA	C2	P	6.029,80 €	18
CHOFER	C2	V	6.029,80 €	18
ALBAÑIL	C2	P	6.029,80 €	18

ALBAÑIL	C2	P	6.029,80 €	18
ALBAÑIL	C2	P	6.029,80 €	18
PEÓN OBRAS	E	P	6.029,80 €	14
ENCARGADO ALMACÉN	C2	P	6.029,80 €	18
BIBLIOTECARIA	C2	P	6.028,54 €	18
CONSERJE BIBLIOTECA (1/2 JORNADA)	E	P	2.284,72 €	14
CONSERJE LIMPIADORA (sent. Judicial)	E	V	6.029,80 €	14

P: PROPIEDAD

V: VACANTE

VILALBA A 1 DE ENERO DEL 2014.- EL ALCALDE, GERARDO CRIADO GUIZÁN.

**LA PLANTILLA DE PERSONAL DE ESTE AYUNTAMIENTO QUEDA DE LA SIGUIENTE FORMA:
PLANTILLA PERSONAL FUNCIONARIOS AÑO 2014**

DENOMINACION PLAZA	ESC.	SUBESC.	CATEG.	GR.	SIT.	C.ESP	CD
SECRETARIA	HE.	SECR	ENTRADA	A1	P	18.532,12 €	30
TECNICO ADMON. GENERAL	AG.	TCN.		A1	V	7.382,08 €	27
INTERVENTORA	HE.	INT.	ENTRADA	A1	P	18.537,12 €	30
TÉCNICO DE GESTIÓN	AG.	TMG.		A2	P	13.345,12 €	26
ADMINISTRATIVO	AG.	ADM.		C1	P	6.666,38 €	22
ADMINISTRATIVO	AG.	ADM.		C1	P	6.666,38 €	22
ADMINISTRATIVO	AG.	ADM.		C1	P	6.666,38 €	22
ADMINISTRATIVO	AG.	ADM.		C1	P	6.666,38 €	22
ADMINISTRATIVO	AG.	ADM.		C1	P	6.666,38 €	22
APAREJADOR	AE.	TM.		A2	P	8.379,88 €	26
PINTOR	AE.	S.ESP. PO.		C2	P	6.029,80 €	18
ENCARGADO OBRAS	AE.	S.ESP. PO.		C2	P	10.090,08 €	18
MECANICO CONDUCTOR	AE.	S.ESP. PO.		C2	P	6.029,80 €	18
PEON	AE.	S.ESP. PO.		E	P	6.029,80 €	14
PEON	AE.	S.ESP. PO.		E	P	6.029,80 €	14
INSPECTOR JEFE POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		A2	P	13.192,76 €	22
OFICIAL POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	12.319,02 €	18
OFICIAL POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	12.319,02 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	P	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	V	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	V	10.120,88 €	18
POLICIA LOCAL	AE.	S.ESP.PL.		C1	V	10.120,88 €	18

HE: HABILITACIÓN ESTATAL
AG: ADMINISTRACIÓN GENERAL
AE: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL
SECR: SECRETARÍA
TCN: TÉCNICA
INT: INTERVENCIÓN
TMC: TÉCNICA MEDIA DE GESTIÓN

ADM: ADMINISTRATIVO
AUX: AUXILIAR
TM: TÉCNICO MEDIO
S.ESP.PO: SERVICIOS ESPECIALES-PERSONAL DE OFICIOS
S.ESP.PL: SERVICIOS ESPECIALES-POLICIA LOCAL
P: PROPIEDAD
V: VACANTE

R. 2263

VIVEIRO

Anuncio

Os efectos previstos no art. 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación con o 179.4 da mesma norma, ponse en coñecemento xeral que na Intervención Municipal se atopa exposto ao público os seguintes expediente de modificación de créditos:

- Número 009/2014 crédito extraordinario que afecta a diferentes áreas de gasto por importe de 547.338,01 €.
- Número 010/2014 crédito extraordinario e suplemento de crédito que afecta a distintas Áreas de gasto por importe de 289.852,28 € e 534.146,56 € respectivamente.

Os expedientes foron aprobados inicialmente pola Corporación no pleno en sesión celebrada o día 5 de xuño do ano actual

Os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no art. 170.1 da citada norma e polos motivos taxativamente enumerados no apartado 2 poderán presentar reclamacións ante o Pleno durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Os expedientes entenderanse aprobados definitivamente de non haber recramacións ; en caso contrario , o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Viveiro, 6 de xuño de 2014.- A Alcaldesa, María Loureiro García

R. 2324

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 30 de maio de 2014, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

O VALADOURO: titular: DON SANTIAGO PRIETO LÓPEZ DNI nº 76536711W.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no vulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 3 de xuño de 2014.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2265

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día 30 de maio de 2014, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos

concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

MURAS: titular: DON BENIGNO GÓMEZ CARBALLEIRA DNI nº 33839280R.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 3 de xuño de 2014. A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2266

XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE LUGO

Anuncio

CARMEN VARELA REBOLO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NUM.2 DE LUGO

DOY FE Y TESTIMONIO: Que en **Ejec. 159/14** seguida a instancia de Santiago M. Arufe Botana y otros contra TELECOMUNICACIONES DOPE SL, se dictó auto de fecha de hoy, cuya parte dispositiva dice:

"DISPONGO: Despachar orden general de ejecución a favor del ejecutante Santiago M. Arufe Botana y otros, frente a la empresa ejecutada **TELECOMUNICACIONES DOPE SL**, por importe de **13.166,32 €** en concepto de principal, más otros **2.600,00 €** que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación.

Contra este auto podrá interponerse **recurso de reposición** ante este órgano judicial, en el plazo de los **3 DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que además de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, podrá deducirse la **oposición a la ejecución** despachada, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impositivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación de deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.

El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25,00 € en la cuenta de este juzgado num. 2323000031015914, OP de Banesto-Santander en Lugo. Quedan exentos de su abono en todo caso el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda, manda y firma la Ilma. Sra. D^a. Beatriz Martínez Vega, Magistrada-Juez del Juzgado de lo Social nº 2 de Lugo. Doy fe".

Y para que sirva de notificación a la empresa **TELECOMUNICACIONES DOPE SL**, en ignorado paradero, y con último domicilio conocido en Av. Américas, 59, Lugo, a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán en estrados, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia o se trate de emplazamiento, expido el presente en Lugo, el treinta de mayo de dos mil catorce.

R. 2267

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL CANTÁBRICO. COMISARÍA DE AGUAS

Anuncio

Expediente: A/27/20461.

Asunto: Autorización para obras del modificado del proyecto de desvío del río Espín dentro de la concesión de explotación Lamas-Vilarchao, Fracción 2ª y sus demasías nº 5358-2 LU, en Vilarchao, T.M. de A Fonsagrada (Lugo).

Peticionario: Europizarras, S.A.

D.N.I./N.I.F. nº: A 15153638.

Domicilio: Vilarchao. A Fonsagrada (Lugo).

Nombre del río o corriente: Espín.

Punto de emplazamiento: Vilarchao.

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo).

Destino: Mejora del trazado en el desvío del río Espín.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La obra consiste en la modificación del trazado en el desvío del cauce del río Espín con objeto de reducir las elevadas pendientes y alejar el cauce del pie de la escombrera.

Su finalidad es mejorar el trazado en el desvío del río Espín.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, 33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL COMISARIO DE AGUAS.- P.O. EL JEFE DE ÁREA José Peña Castiñeiras.

R. 2233

FÉ DE ERRATAS. Advertido erro na edición do B.O.P. de mércores 11 de xuño de 2014, no anuncio do Concello de Friol correspondente ao cobro do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, no párrafo onde dí:

“ Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día dous de setembro do dous mil **TRECE**, data na que deberán ter saldo suficiente “.

Debe dicir:

“ Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día dous de setembro do dous mil **CATORCE**, data na que deberán ter saldo suficiente “.

A modificación deste anuncio non interrompe os prazos para o pago dos Impostos e Taxas antes mencionados.